

## TEMA 1 – ACTIVIDADE ECONÓMICA E SISTEMAS ECONÓMICOS

### 1 – CONCEPTO DE ECONOMÍA. A ESCASEZA

VÍDEO: Historia dun lapis

Foron moitas as definicións de economía que se propuxeron por parte de diferentes economistas, en función da orientación que se lle deu ao estudo da mesma.

PPT: O modelo indutivo-dedutivo

Unha das definicións máis aceptadas e que imos utilizar para a súa comprensión é a proposta por Lionel Robins en 1932. *“A economía é a ciencia que analiza o comportamento humano como a relación entre uns fins dados e medios escasos que teñen usos alternativos.”*

Para comprender mellor esta definición e facilitar súa análise, imos definir a economía como segue:

“A economía é a ciencia que estuda a satisfacción das necesidades humanas (que son ilimitadas), a través da utilización dunha serie de recursos que son escasos e susceptibles de usos alternativos”

Se analizamos máis detalladamente esta definición podemos destacar o seguinte:

- a) A economía é unha ciencia e neste caso é unha ciencia social. E para o seu desenvolvemento, os seus estudosos utilizan métodos científicos para elaborar leis, teorías e modelos. Un dos métodos científicos utilizados é o método indutivo-dedutivo
- b) A economía estuda a satisfacción das necesidades humanas. Estas necesidades son ilimitadas, xa que, a medida que cubrimos unhas necesidades primarias van xurdindo novas necesidades.
- c) Para poder satisfacer estas necesidades, debemos utilizar unha serie de recursos, pero estes recursos son limitados, son escasos.
- d) Estes recursos limitados e escasos, son susceptibles de usos alternativos, é dicir, podémoslos utilizar de diferentes formas e así cubrirán unhas ou outras necesidades.
- e) O problema básico da economía é a escaseza, xa que sen escaseza non habería problemas para satisfacer todas as necesidades. Este problema da escaseza fainos concibir a economía como a chamada “ciencia da elección”, xa que, en función de como utilicemos os recursos dos que dispoñemos (usos alternativos) poderemos satisfacer unhas ou outras necesidades, máis ou menos necesidades.

*Exemplo:*

*Recurso escaso: a auga no mediterráneo*

*Solución: transvasamento do Ebro ou desalación de augas.*

*No seu día, o Goberno do Partido Popular propuxo como solución á escaseza da auga no mediterráneo, un transvasamento da auga de “cuncas excedentarias”, é dicir, da comunidade de Aragón a través do coñecido transvasamento do Ebro.*

*Para iso a xustificación é que os recursos do país deben optimizarse e, polo tanto, propuxeron un Plan Hidrológico Nacional.*

*Por outra parte, no seu día, o Partido Socialista, propuxo como alternativa a desalación das augas e que os trasvasamentos foran soamente en caso de último recurso.*

Temos pois, dúas diferentes formas de satisfacer as necesidades, cunha serie de recursos dados, hai a posibilidade de utilizalos de forma diferente (usos alternativos). En política, como en economía, haberá uns que defenderán unha alternativa, e outros que defenderán outra, xa que a economía é unha ciencia social e non exacta.

**VÍDEO:** Murcia quere a auga do Pirineo

**WEBQUEST:** Transvasamento do Ebro

## **1.1 O problema da escaseza**

O problema económico por excelencia é a escaseza e xorde porque as necesidades humanas son ilimitadas, mentres que os recursos económicos, e polo tanto os bens, son limitados.

### **Necesidade**

En termos económicos necesidade é todo aquilo que se desexa e que para satisfacerla require un esforzo.

Podemos clasificar as necesidades en función de diferentes criterios, a máis habitual é clasificalas entre as necesidades primarias e secundarias. Supoñendo que as primarias son aquelas que a sociedade considera que deben ter cubertas todos os cidadáns medios, as necesidades primarias serán diferentes segundo o grao de riqueza ou pobreza do país que analicemos.

*Exemplo:*

*Poñamos como exemplo a Xerarquía das Necesidades de Maslow:*

*Algunhas das necesidades coas que nos atopamos son as seguintes:*

## TEMA 1 – ACTIVIDADE ECONÓMICA E SISTEMAS ECONÓMICOS

- *Fisiolóxicas (necesidade de respirar, necesidade de beber auga, necesidade de durmir , de regular a homeostasis (ausencia de doenza), de comer , de liberar desechos corporais, necesidade sexual, necesidade de morrer, necesidade de actividade física, necesidade de abrigo.*
- *Seguridade: seguridade física, seguridade de emprego, seguridade de ingresos e recursos, seguridade moral e fisiolóxica, seguridade familiar, seguridade de saúde, seguridade contra o crime da propiedade persoal, seguridade de autoestima.*
- *Sociais: a amizade, o afecto e o amor.*
- *Recoñecemento: recoñécese o traballo persoal, autoestima.*
- *Autosuperación: Neste nivel o ser humano require transcender, deixar pegada, realizar a súa propia obra, desenvolver o seu talento ao máximo.*

Pregunta 1:¿Cales das anteriores necesidades consideras que son primarias para ti?¿E para un país como Níxer ou Sierra Leona, Burundi ou a República Democrática do Congo?

Dato: Níxer e Sierra Leona foron os países que presentaron un IDH máis baixo en todo o mundo nos últimos anos. Burundi e a República Democrática do Congo son as que teñen un PIB nominal per cápita menor do mundo.

Actividade: Le e comenta a seguinte noticia

“As necesidades sanitarias dos países pobres topan cos xuros económicos das grandes compañías”

Panos Institute - <http://www.mundosolidario.org/doc.php?var=268>

Tamén podemos clasificar as necesidades en individuais e sociais: por exemplo unha necesidade individual é o xantar pero dependendo da sociedade na que vivimos, pódese satisfacer esta necesidade xantando carne de porco ou non.

### **Ben**

Un ben é todo aquilo que nos permite satisfacer unha necesidade. En xeral, ao falar de bens referímonos tanto aos materiais (ben propiamente dito) como aos servizos.

## TEMA 1 – ACTIVIDADE ECONÓMICA E SISTEMAS ECONÓMICOS

Desde o punto de vista económico interésannos os bens que son escasos, e neste sentido podémolos clasificar en bens libres ou económicos.

Segundo a materialidad podemos clasificalos en bens (materiais como unha mesa ou unha cadeira) e servizos (inmateriais como a educación ou a atención sanitaria).

VIDEO: A satisfacción das necesidades básicas

### **1.2 – O contido económico das relacións sociais**

A economía ten que ver con aquelas actividades encamiñadas a satisfacer as necesidades individuais ou colectivas, a conseguir os recursos necesarios para iso, e á obtención dos bens e servizos que son necesarios.

Son actividades económicas as de produción, intercambio e consumo de bens e servizos e tamén as de distribución das rendas e riquezas xeradas no proceso produtivo.

A economía é unha ciencia social xa que o seu obxectivo é o estudo das relacións humanas que teñen carácter económico, pero que forman parte do conxunto das actividades humanas.

*Exemplo:*

*Na antigüidade, as sociedades máis primitivas, para poder satisfacer as súas necesidades vivían da autosuficiencia, cultivando os seus propios produtos, cazando animais para satisfacer as súas necesidades de alimento e vestido, construíndo as súas propias vivendas, etc. Pero xa na antigüidade, como consecuencia de vivir nun poboado mantiñan relacións sociais.*

*Estas relacións sociais, coa chegada do intercambio e a especialización, se foron convertindo en actividades económicas e así, hoxe en día non poderíamos satisfacer as nosas necesidades sen desenvolver actividades económicas.*

*O cidadán de hoxe en día, desde que nace empeza a recibir unha educación, para satisfacer as súas necesidades sociais e para conseguir un traballo no futuro que lle permita obter uns ingresos e, con eles, e a través do intercambio de diñeiro, permítalle adquirir os bens e servizos necesarios para ter unha vida digna.*

*Lionel Robins segue concretando a súa visión da economía adaptándoa á vida en sociedade.*

*"A economía é a ciencia da elección, a ciencia que estuda como os recursos son empregados polo home para satisfacer as súas necesidades, posto que viven en sociedade".*

VIDEO: O concepto de economía

Saber máis:

Economía positiva e economía normativa  
Relación da economía con outras ciencias

## 2 – O CUSTO DE OPORTUNIDADE. A FRONTEIRA DE POSIBILIDADES DE PRODUCCIÓN

Ao ser os bens de que dispoñemos escasos e as necesidades a satisfacer ilimitadas debemos elixir continuamente.

*Exemplo:*

*Supoñamos un estudante que dispón de 30 euros á semana para os seus gastos. En función das necesidades de cada individuo, o destino deste diñeiro será diferente. Se as alternativas que contempla son teléfono móbil, saír (ir ao cine, tomar algo), compra de roupa ou aforro para futuras compras; cando decide gastarse o diñeiro nunha delas, estará elixindo e implicitamente estará renunciando a outra/s.*

*Se decide gastarse todo o diñeiro no teléfono móbil, non terá diñeiro para ir ao cine, ou para aforrar; se decide aforrar todo o diñeiro, non poderá satisfacer as outras necesidades. O normal é que elixa a combinación coa que obteña a máxima satisfacción de todas as súas necesidades, pero nunca vai ser unha maximización total, deberá renunciar a algo xa que os recursos dos que dispón son limitados.*

*Cada vez que elixe en que gastar ou aforrar o diñeiro, está renunciando a outras posibilidades, a relación entre aquilo polo que opta e aquilo ao que renuncia se denomina custo de oportunidade. Se a dúbida está entre gastarme todo o diñeiro en teléfono móbil e saír, estaría renunciando ao aforro. É dicir, o custo de oportunidade de saír e teléfono móbil sería que non podo aforrar. En termos económicos, o custo de oportunidade de saír e teléfono móbil é que perdo de aforrar 30 euros. Se decide aforrar 30 euros, o custo de oportunidade desta decisión, sería que debo renunciar a saír e ao teléfono móbil.*

Cando os axentes económicos deciden en que gastar ou que producir están renunciando a outras posibilidades, a relación entre aquilo polo que optamos e aquilo ao que renunciamos denomínase custo de oportunidade.

*Exemplo: Supoñamos un determinado municipio que basa a súa economía produtiva na explotación de produtos do mar, para iso dispón de 6000 traballadores e 2000 bateas. O problema consiste en decidir se se producen nestas bateas mexillón ou se se producen ostras. Despois dun estudo e, baseándose na experiencia de anos anteriores, chégase á conclusión de que se todos os os seus recursos se dedican á produción de mexillón a produción ascendería a 200.000 toneladas ao ano, e se se dedicasen integramente á produción de ostras, a produción sería de 200.000 toneladas ao ano.*

*Isto quere dicir que, se deciden producir unicamente mexillón, esta decisión tería un custo de oportunidade, que sería o de renunciar á produción de ostras. Pero poden decidir combinar a produción de mexillón e de ostras.*

## 2.1 - A fronteira de posibilidades de produción

A fronteira de posibilidades de produción (FPP) é a representación gráfica das posibles combinacións de produción que pode obter unha economía utilizando os recursos que dispón.

Seguindo o exemplo anterior, supoñamos que as diferentes combinacións posibles sexan as seguintes:

Combinacións	Mexillón (quilos)	Ostras (quilos)
1	200.000	0
2	150.000	50.000
3	100.000	100.000
4	50.000	150.000
5	0	200.000

A representación gráfica sería a seguinte:

Preguntas:

- Poderíanse producir 200.000 quilos de mexillón e 50.000 de ostras? Por que? Representa este punto e chámalle A.
- Poderíanse producir 100.000 quilos de mexillón e 50.000 de ostras? Que supoñería encontrarse neste punto? Representa este punto e chámalle B
- Poderíanse producir 100.000 quilos de mexillón e 100.000 quilos de ostras? Que grao de utilización dos recursos produtivos estaríamos considerando?
- Se actualmente non podemos producir 200.000 quilos de mexillóns e 50.000 de ostras, Que debería pasar para poder acadar este nivel de produción?

Conclusións da análise da FPP:

1. A fronteira de posibilidades de produción indica todas as combinacións de produción eficientes que pode obter utilizando os recursos que dispón. A eficiencia é a produción máxima que pode obterse dun ben cuns determinados recursos utilizados para produci-lo.
2. Os recursos son escasos: a cantidade que podemos producir nun determinado período de tempo cos recursos e a tecnoloxía existentes é limitada.
3. Os custos de oportunidade: só podemos obter cantidades adicionais de calquera ben desexado reducindo a produción potencial doutro.
4. Se cambia a dotación dos factores produtivos, obteremos unha nova FPP.

### 3 – RELACIÓNS DE INTERCAMBIO

Os diferentes axentes económicos, para poder satisfacer as súas necesidades, interveñen na economía a través do intercambio dos diferentes factores produtivos, vexamos cales son os factores produtivos e os diferentes axentes que interveñen na economía para estudar posteriormente as diferentes relacións de intercambio entre eles.

#### **3.1 - Os factores produtivos**

Son os diferentes elementos que utilizamos para desenvolver a actividade económica.

Tradicionalmente consideráronse os seguintes factores de produción (na seguinte unidade desenvolverémolos amplamente):

- **Factor terra:** non só a terra agrícola senón tamén a terra urbanizada, os recursos mineiros e os recursos naturais en xeral.
- **Factor traballo:** a actividade humana, tanto física como intelectual. En realidade toda actividade produtiva realizada por un ser humano require sempre dalgún esforzo físico e de coñecementos previos.
- **Factor capital:** conxunto de recursos producidos pola man do home que se necesitan para fabricar bens e servizos: a maquinaria ou as instalacións industriais, por exemplo.

### 3.2 - Os axentes económicos

Na economía interveñen tres tipos de axentes: economías domésticas ou familias, empresas e o Estado.

As **economías domésticas**: interveñen na economía nun dobre sentido, como propietarios dos factores de produción e como consumidores.

As economías domésticas posúen os factores de produción, posúen a propiedade da terra (na actualidade), actúan directamente na economía achegando o factor traballo, e posúen a propiedade do factor capital.

Todos estes factores produtivos cédenos ás empresas ou ao Estado (axentes de produción) a cambio dunha remuneración, as terra a cambio das rendas da terra, o factor traballo a cambio dos salarios e o capital a cambio dos xuros e beneficios.

A través da remuneración dos diferentes factores produtivos, as economías domésticas obteñen os recursos necesarios para desenvolver a segunda función que desempeñan na economía, que é o consumo de bens e servizos para poder satisfacer as súas necesidades.

As **empresas**: son as unidades básicas de produción de bens e servizos. Para desenvolver a súa actividade necesitan factores produtivos que están en mans das familias ou do Estado e a súa función principal é combinar estes factores co obxectivo de obter un beneficio (económico ou social). Como consecuencia da utilización dos factores produtivos, remunerarán aos axentes propietarios dos mesmos a través do pagamento de soldos e salarios, rendas da terra, xuros e beneficios e, nalgúns casos, reservan parte destes recursos excedentes para financiar o seu crecemento.

O **Estado ou sector público**: intervéen na economía nun dobre sentido, como consumidora de bens e servizos para poder ofrecérselos ás economías domésticas e ás empresas (sanidade, educación, xustiza, infraestruturas, etc.) e como produtora, a través das empresas públicas.

Para poder desenvolver a súa actividade ten un poder coactivo que é o de recadar impostos das familias e das empresas.

SABER MÁIS

Artigo 35 Constitución española

Sindicatos

Asociacións de consumidores

Lexislación Mercantil

Patentes

Ligazóns a sindicatos e asociacións consumidores

### **3.3 - Relacións de intercambio**

As relacións de intercambio entre estes axentes queda reflectido no chamado fluxo circular da renda. Neste, diferenciaremos o fluxo monetario (de diñeiro) e o fluxo real (factores produtivos).

**PPT: O fluxo circular da actividade económica**

Representación gráfica:

As economías domésticas ceden os factores produtivos que posúen ás empresas e ao Estado (factor terra, traballo e capital) e a cambio reciben a remuneración dos factores produtivos (rendas da terra, soldos e salarios, xuros e beneficios).

Co diñeiro que obteñen, consumen os bens e servizos pagándollos ás empresas e contribuindo a través do pagamento de impostos.

As empresas utilizan os factores produtivos que ceden as economías domésticas e o Estado (terra, traballo e capital) e os remuneran (rendas da terra, soldos e salarios, xuros, beneficios e impostos).

A remuneración realízana grazas aos recursos que obteñen como consecuencia da venda dos bens e servizos que producen.

Para o Estado, a principal fonte de ingresos son os impostos que recibe de familias e empresas. A cambio, ofrece bens e servizos ás familias e empresas, así como axudas sociais ás familias e subvencións ás empresas.

### **3.4 - Os problemas básicos da economía**

As cuestións básicas da economía son Que producir? Como producir? e Para quen producir?. Dependendo da resposta a estas cuestións, as relacións de intercambio serán diferentes e darán lugar a diferentes sistemas económicos.

#### **Que producir?**

Que bens e servizos deben producirse e en que cantidades.

*Ao longo da historia económica foi variando a resposta a esta pregunta. Así, nas sociedades máis primitivas unicamente obtiñan os produtos da caza, pesca e recolección. No feudalismo a actividade predominante era a agricultura cunha pequena actividade manufactureira. Coa revolución industrial e a aparición do capitalismo empeza a xeneralizarse a actividade fabril, gañando terreo á produción agrícola. Actualmente as actividades principais son aquelas dirixidas á prestación de servizos.*

#### **Como producir?**

Que recursos se van utilizar e que técnicas de produción imos empregar.

*Nas sociedades primitivas os recursos e técnicas eran moi escasos e rudimentarios. No feudalismo os recursos principais eran a terra e a man de obra, aínda que empezaban a aparecer pequenos artesáns e as técnicas de produción tamén eran bastante rudimentarias aínda que coa axuda de útiles de labranza. Na revolución industrial concéntrase a produción en grandes centros fabrís utilizando medios de produción máis sofisticados. Hoxe en día cítanse como medios de produción máis importantes a tecnoloxía en todas as súas vertentes, os coñecementos científicos e tecnolóxicos, así como as novas tecnoloxías da información e comunicación, a informática e Internet.*

#### **Para quen producir?**

Cal vai ser o destino dos bens e servizos producidos.

*Nas sociedades primitivas eran destinados á colectividade. No feudalismo os destinatarios eran predominantemente a clase dominante (a nobreza e o clero). Na revolución industrial xeneralízase algo máis o destino ao aparecer os burgueses, é dicir, o destino era, como na actualidade, sobre todo para aqueles que dispoñían dos recursos suficientes para adquirir os bens e servizos producidos.*

#### 4 – OS SISTEMAS ECONÓMICOS

Como dicíamos, ao longo da historia foron variando as respostas ás cuestións básicas da economía. Desde as sociedades máis primitivas, nas que as actividades “económicas” ían encamiñadas á satisfacción de toda a comunidade, ata un sistema capitalista no que é o mercado o que responde a todas estas cuestións.

A partir dos séculos XVI e XVII aparece o capitalismo, inicialmente capitalismo mercantil ao desenvolverse o comercio e a actividade manufactureira; posteriormente o capitalismo industrial ao desenvolverse a siderurxia e a industria téxtil; ata o capitalismo financeiro coa aparición dos grandes bancos que financian a actividade económica obtendo grandes beneficios grazas aos avances tecnolóxicos e a explotación da man de obra. As cuestións básicas da economía resolvíaaas o mercado. (**Economía de mercado**).

Derivada da situación anterior de explotación xorde un novo sistema social, político e económico, o sistema comunista. Este novo sistema baseábase en que as respostas a todas as cuestións básicas da economía eran ofrecidas polo Estado, xa non serían as clases que dispoñían de maiores factores de produción os que decidisen que, como e para quen producir, senón que se establece un sistema de Planificación Central. (**Economía de Planificación Central**).

Actualmente, en maior ou menor medida, na maior parte das economías mundiais as respostas a estas cuestións resólvense a través do mercado e da planificación central (intervención do Estado), é dicir, un sistema mixto. (**Economía mixta**).

A tendencia é que naqueles mercados nos que tradicionalmente existía unha economía de planificación central, cada vez o mercado teña máis influencia e naqueles nos que a economía de mercado tiña máis importancia, cada vez sexa máis importante a intervención do Estado.

#### Actividade

1. Responde a cada unha das seguintes cuestións para cada un dos sistemas económicos vistos (economía de mercado, planificación central e economía mixta):

- Como é a propiedade dos factores de produción?
- Quen planifica a produción?
- Como se fixan os prezos?
- Cal é o papel do Estado na economía?
- Cal é a ideoloxía que inspira a actividade económica?

	<b>Economía de mercado</b>	<b>Planificación Central</b>	<b>Economía Mixta</b>
Propiedade factores			
Planificación			
Prezos			
Papel Estado			
Ideoloxía			

2. Responde as anteriores cuestións para a realidade económica española. Que tipo de sistema económico existe?

3. Pensa nalgúns países en que se achegue máis á economía de mercado e algúns que se acheguen máis á planificación central.

#### **4.1 - Historia do pensamento económico**

Ao longo da historia do pensamento económico foron aparecendo diferentes doutrinas económicas xerando diferentes escolas de pensamento económico.

Unha doutrina económica é o conxunto de ideas ou opinións dun grupo de economistas importantes.

As doutrinas económicas condicionaron os acontecementos e as reformas e revolucións que tiveron lugar ao longo da historia.

Dúas destas doutrinas máis contrapostas e que máis influíron nas sociedades foron o liberalismo e o marxismo.

O LIBERALISMO: gran importancia do funcionamento do mercado. Segundo Adam Smith (fundador do liberalismo económico), cada individuo ao buscar o seu propio interese contribúe ao benestar da colectividade. Polo que a orde natural non debe ser violentada pola intervención do Estado, agás en casos moi concretos.

- O MARXISMO: representa o polo oposto ao liberalismo económico. O seu maior representante e creador é Karl Marx. Esta doutrina confía na planificación central do Estado para resolver os problemas económicos da sociedade.

**SABER MÁIS:**  
As escolas económicas

#### **4.2 - Outras tendencias da economía na actualidade**

##### **Neoliberalismo/Liberalismo**

Seguindo as premisas do liberalismo, aparece un novo pensamento económico, o neoliberalismo, que é cualificado por algúns economistas como máis extremo.

Se ben poderíamos discutir se na actualidade o mundo está rexido polo pensamento neoliberal ou simplemente liberal, o que está claro é que é, a 2008, a corrente principal de pensamento económico.

Hoxe en día, a maior parte do pensamento económico está dominado por teses neoliberais (ou liberais), desde os gobernos ata os medios de comunicación e a maior parte dos órganos principais de decisión internacionais.

SABER MÁIS

Artigos e outras ligazóns:

Neoliberalismo – Por Jesús Antonio Bejarano

Que é o neoliberalismo? – Por Adolfo Rivero Caro

### **Socialdemocracia**

É unha das principais correntes do pensamento económico da esquerda. Hai en diferentes países que se aplicou en maior ou menor grao. Desde a socialdemocracia Sueca, cos éxitos que cultivou durante moitos anos, ata o que se pode chamar tamén unha socialdemocracia de Felipe González (cualificada por moitos economistas como demasiado liberal).

SABER MÁIS

Artigos e outras ligazóns:

Socialdemocracia

Socialdemocracia ou socialismo do século XXI? – Por Juan Carlos Guerra

### **Lecturas recomendadas:**

Dous libros moi fáciles de ler son:

“Economía liberal para non liberais e para non economistas” – Xavier Sala i Martín

“Economía non liberal para liberais e non liberais” – Diego Guerrero

O segundo dos libros é unha contestación por parte de Diego Guerrero, que se manifesta non liberal ou antiliberal, ao libro do economista liberal Xavier Sala i Martín.

Outro libro, xa no ámbito de Galicia, é o seguinte:

“Ou fracaso neoliberal na Galiza” – Xavier Vence

## 5 – ECONOMÍA E TERRITORIO

Co obxectivo de achegarnos un pouco á realidade do noso contorno, imos estudar as características poboacionais do noso municipio. Para iso, analizaremos os datos poboacionais publicados polo Ige (Instituto Galego de Estatística) no Padrón Municipal correspondente.

Previamente necesitamos coñecer unha serie de conceptos relativos á poboación.

Desenvólveo segundo a webquest proposta. [WQ: Economía e territorio](#)

O formato de presentación será o seguinte:

Censo de poboación:

Padrón municipal:

Poboación de feito:

Poboación de dereito:

### POBLACIÓN

	Municipio	Provincia	Galicia	España
Densidade poboación				
Natalidade				
Mortalidade				
Taxa natalidade				
Taxa mortalidade				
Taxa crecemento vexetativo				

Análise comparativo:

### SALDOS MIGRATORIOS

	Municipio	Provincia	Galicia	España
Saldos migratorios				
- mesma provincia				
- outra provincia				
- outra comunidade autónoma				
- extranxeiro				

Análisis comparativo:

**TAXAS DE ACTIVIDADE E PARO**

	Municipio	Provincia	Galicia	España
Sector con máis desemprego				
Desemprego masculino				
Desemprego feminino				
Poboación activa masculina				
Poboación activa feminina				
Taxa actividade masculina				
Taxa actividade feminina				
Taxa de paro masculina				
Taxa de paro feminina				
Última taxa paro ( )				

Análise comparativo:

**EXERCICIOS:**

**CUSTO DE OPORTUNIDADE**

Teresa, cliente número 1.000.000 duns grandes almacéns, obtén un premio consistente en gastarse 500€ en 30 minutos. Para iso realiza unha selección inicial de artigos desexados. A súa lista é a seguinte:

- |   |   |
|---|---|
| a) Unha pantalla de TV: 500€                  | g) Un reloxo: 200€                        |
| b) Un ordenador portátil: 500€                | h) Un MP4/iPod/similar: 200               |
| c) Unha consola de vídeo xogos: 300€          | i) Zapatillas deportivas: 100             |
| d) Un móbil de última xeración: 300€          | j) Uns pantalóns: prezo por pantalón 100€ |
| e) Unha cazadora que desexaba fai tempo: 200€ | k) Zapatos: 80€/par                       |
| f) Un bolso: 200€                             | l) Camisetas: prezo por camiseta 50€      |

**PÍDESE:**

- A) Ordénaos segundo as túas preferencias de maior a menor (do 1 ao 12), ten en conta que todos son os produtos que desexarías, é dicir, o reloxo sería ese que fai tempo que te gustaría ter, os pantalóns tamén, etc.
- B) Elixe a combinación de artigos que te produza unha maior satisfacción.
- C) A que artigos estarías renunciando coa selección anterior?
- D) Se escolleses a pantalla de TV, a que estarías renunciando? ¿Cal sería o seu custo de oportunidade?

**A ECONOMÍA É UNHA CIENCIA SOCIAL**

Juan e María acaban de ter un fillo. Os dous traballan (pola mañá 4 horas e pola tarde outras 4) e teñen un soldo de 1000 €/mes.

Mentres están traballando teñen as seguintes opcións para deixar ao seu fillo:

- Pedir unha redución de xornada á metade (coa redución equivalente de soldo: 500€), para traballar soamente a mañá ou a tarde.
- Deixar ao seu fillo nunha gardería, soamente pola mañá ou pola tarde, cobránlle 200€.
- Contratar a unha persoa para que coide ao seu fillo, que lle cobraría 400 euros se fose media xornada (mañá ou tarde) ou 800 euros se fose todo o día.

**PÍDESE:**

- A) Desde un punto de vista unicamente económico, Cal sería a mellor opción?
- B) Cal sería o custo de oportunidade desta decisión?
- C) Se deciden pedir a redución de xornada os dous (un encárgase do neno pola mañá e o outro pola tarde), Cal sería o custo de oportunidade económico desta decisión?
- D) No caso de decidir ter ao fillo na gardería pola mañá e pedir un dos dous redución de xornada para coidalo pola tarde, Cal sería o custo de oportunidade? ¿estarían considerando unicamente aspectos económicos?

**FRONTEIRA DE POSIBILIDADES DE PRODUCCIÓN-CUSTO OPORTUNIDADE**

Un país dispón dunha serie de recursos para investilos en escolas ou en tren de alta velocidade. As combinacións posibles son as seguintes:

Combinacións	Escolas (unidades)	Tren de Alta Velocidade (quilómetros)
1	1.000	0
2	800	100
3	600	200
4	400	300
5	200	400
6	0	500

PÍDESE:

- A) Representa graficamente a fronteira de posibilidades de produción, marcando todos os seus puntos importantes (nomear eixes, unidades, combinacións eficientes, ineficientes e imposibles).
- B) Calcula o custo de oportunidade de pasar da combinación 1 á combinación 2 en termos de escolas.
- C) Cal sería o custo de oportunidade de pasar de producir 500 Km de AVE a 400 Km de AVE?
- D) Cal sería o custo de oportunidade de producir 600 escolas?
- E) Cal sería o custo de oportunidade de producir 300 Km de AVE?
- F) Aínda que todas estas combinacións sexan eficientes, serían socialmente indiferentes? por que?

GLOSARIO (Na web):

Economía	Factor Traballo
Escaseza	Factor Capital
Necesidade	Economías Domésticas
Ben	Empresa
Necesidade primaria	Sector Público
Necesidade secundaria	Economía de mercado
Custo de oportunidade	Economía de planificación central
Fronteira de Posibilidades de Produción	Economía mixta
Eficiencia.	Pensamento liberal
Factor Terra	Socialdemocracia